

Mostra  
itinerante

# ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

No 125 aniversario do seu pasamento



## GUÍA DIDÁCTICA

## Presentación

Rosalía de Castro (1837-1885), fundadora da literatura galega contemporánea, é unha figura cumio das letras galegas e universais. Agora, 125 anos após o seu falecemento, a exposición **Rosalía sempre viva. Viva Rosalía!!** pretende demostrar a actualidade da súa obra.

A través de cinco caixas de luz compostas de vinte paneis, a/o visitante accederá a unha explicación clara e sintética dos principais acontecementos da biografía da poeta, trazando unha imaxe auténtica de Rosalía. Igualmente, a selección de textos e vídeos que acompañan a exposición, halle permitir constatar que as reivindicacións que a autora de *Follas Novas* consuma non teñen precedentes na nosa Historia.

A exposición **Rosalía sempre viva. Viva Rosalía!!** é a historia dunha poeta excepcional e incomprendida, nunha época que foi incapaz de asumir un alegato tan admirabelmente revolucionario como o seu.



ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

A presente guía didáctica está pensada para complementar a visita á exposición. As actividades que propomos a seguir resultan fundamentais para mellor aproveitala, se ben o profesorado deberá considerar a idoneidade das mesmas, adaptándoas e mesmo incorporando novas propostas. Os obxectivos xerais da exposición son os seguintes:

a)Acadarmos un coñecemento actualizado da biografía de Rosalía de Castro, así como unha visión panorámica da súa produción artística completa.

b)Relacionarmos os contidos da obra de Rosalía co seu contexto histórico.

c)Sermos conscientes das dificultades que as mulleres escritoras achaban para participaren no sistema literario en réxime de igualdade.

d)Comprobarmos a natureza subversiva da produción rosaliana a través da lectura e comentario dos fragmentos propostos na exposición e mais nesta guía.

e)Experimentarmos o carácter musical e dramático da obra de Rosalía.



ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

Penetrar na biografía daqueles personaxes que marcan un antes e un despois na Historia da humanidade é decote tarefa pouco doada. Tal é o caso de Rosalía de Castro, cuxo periplo vital resulta especialmente difícil de reconstruír, feito agravado pola destrución de grande parte da correspondencia da poeta no decembrar dos seus días.

Por esta razón, antes de visitar a exposición, cómpre investigarmos acerca da súa figura, facendo uso de enciclopedias e dos recursos dixitais que a rede nos proporciona, por exemplo:

**<http://www.bvg.udc.es>**

**<http://www.rosaliadecastro.org>**

Despois de nos documentar convenientemente, entre todas e todos, redactaremos unha breve biografía da escritora. Unha vez realizada a visita, completaremos o noso traballo cos datos recollidos na mesma.



ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

No período en que Rosalía de Castro escribe, prodúcense importantes acontecementos históricos que actúan como pano de fondo da súa produción artística. Como poderás comprobar, moitos dos temas presentes na súa obra están claramente determinados polas circunstancias históricas.

## Actividades


1) Le atentamente o seguinte texto:

“Eran as seis da tarde. Á entrada, fronte ao peirao, cruzáronse un galeón de pesca que ía coa súa inmensa á de liño tendida sobre as augas, e un xigantesco “steamer” trasatlántico coa súa hélice a media máquina. O galeón ía á captura da pescada mar adentro, en longa e perigosa viaxe, cuxa duración non excedería de vinte e catro horas. O “steamer” viña de Buenos Aires, traendo a bordo unhas cantas ducias de galegos que tornaban da emigración voluntaria imposta pola fame...

Ao se cruzaren saudáronse na entrada da ría os que hai anos non vían as costas de Galiza e os que viven nelas; uns van e outros voltan, tendendo desde Vigo ás ricas repúblicas sudamericanas un cordón de traballo e esperanzas...

O galego non emigra por pracer, malia o exemplo que lle dan os que voltan ricos de América; emigra por necesidade. Cando chega o caso de que na dilatada familia sobra un, o máis forte decídese: xunta os 40 ou 50 pesos que lle custa o frete, merca unha arca de piñeiro pintada de cor escura, e lévaa baleira. O seu propósito é traela chea”

(José Ortega Munilla. *El Faro de Vigo*, 1885).



ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

- a) Cal é o tema que se trata no texto?
- b) Explica o carácter contradictorio da expresión: "emigración voluntaria imposta pola fame".
- c) Cal é a opinión do autor a respecto da natureza da emigración galega?
- d) Reflexiona acerca das condicións da viaxe daqueles galegos que emigraban. Existe algún tipo de paralelismo coa situación das persoas inmigrantes na actualidade?

2. Le os seguintes versos:

Este vaise i aquel vaise,  
E todos, todos se van;  
Galicia, sin homes quedas  
Que te poidan traballar.  
Tes en cambio, orfos e orfas  
E campos de soledad,  
E nais que non teñen fillos  
E fillos que non ten pais.  
E tes corazóns que sufren  
Longas ausencias mortás,  
Viudas de vivos e mortos  
Que ninguén consolará.



ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

- a) Os versos que acabas de ler constitúen a derradeira parte do poema “¡Prá á Habana!”, que abre o Libro V de *Follas Novas* (1880), titulado “As viudas dos vivos e as viudas dos mortos”. Que se pretende significar co título da derradeira sección de *Follas Novas*, presente tamén neste poema?
- b) Cales son as consecuencias da emigración plasmadas no poema?
- c) Cal pensas que pode ser a opinión de Rosalía acerca do fenómeno emigratorio?



ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

Rosalía de Castro foi unha escritora profesional no seu sentido vocacional, consciente das súas capacidades intelectuais e con claras e lexítimas aspiracións de participar no panorama cultural da época en que viviu.

### Actividade

Le atentamente o seguinte texto:

“(…) pero sobre todo, miña amiga, ti non sabes o que é ser escritora. Selo como George Sand<sup>1</sup> vale algo; mais doutro xeito, que continuo tormento! Pola rúa sinálante constantemente, e non para ben, e en todas partes murmuran de ti. Se vas á tertulia e falas de algo do que sabes, se te expresas sequera nunha linguaxe algo correcta, chámante bacharela, din que te escoitas a ti mesma, que o queres saber todo. Se gardas unha prudente reserva, que fachendosa!, que orgullosa!”

(Rosalía de Castro. “*Las literatas*”, 1865)

No fragmento anterior, pertencente ao breve ensaio titulado “*Las literatas*”, a escritora profesional Nicanora tenta persuadir a súa amiga, Eduarda, da conveniencia de non se dedicar á escrita literaria:

- Que argumentos son esgrimidos por Nicanora?
- Cal era o papel que correspondía desenvolver á muller no século XIX? Distaba moito dos valores que representaba a muller escritora?
- Poden as queixas expostas neste fragmento ter unha orixe autobiográfica?

---

<sup>1</sup> George Sand, pseudónimo da escritora francesa Aurore Dupin (1804-1876).

ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!





Rosalía de Castro estivo intimamente ligada ao teatro, participando en diversas representacións ao longo da súa vida. Os seus textos, ademais dun notábel carácter musical, posúen unha importante forza dramática.

### **Actividade**

Lectura dramatizada (con varias voces) do poema “¡A probiña, que está xorda”...”, incluído no Libro IV de *Follas Novas* (1880).



ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

Mostra  
itinerante

# ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

No 125 aniversario do seu pasamento



NA EXPOSICIÓN...  
REFLEXIONAMOS!

## CAIXA 1 (PANEIS 1-4)

- Cales son as especiais circunstancias en que ten lugar a chegada ao mundo de Rosalía de Castro?. Por que razón puido suceder deste xeito?.
- Na vida de Rosalía, que importancia adquire a figura de dona Teresa de Castro?. Coñeces algunha demostración de afecto cara á nai na súa obra?.
- No fragmento de “¡Padrón!... ¡Padrón!” proposto no panel 3, a poeta evoca a felicidade dos seus primeiros anos de vida. Poderíamos dicir que a dita foi efémera? Xustifica a túa resposta baseándote no poema.
- Ao longo do século XIX, as taxas de analfabetismo feminino foron moito superiores ás masculinas, xa que tampouco o acceso da muller á educación se produciu en condicións de igualdade. Neste contexto, que puido propiciar a educación de Rosalía? Pensas que a autoaprendizaxe foi un factor importante? Por que?.

## CAIXA 2 (PANEIS 5-8)

- Dos seguintes adxectivos, sinala os cinco máis apropiados para caracterizar a Rosalía: culta, dócil, revolucionaria, chorona, ousada, irónica, alegre, apoucada, inculta.
  
- Despois de visionares o audiovisual «Ignotus», responde:
  - En que contexto histórico se desenvolven os acontecementos?
  - Que habilidade posúe o protagonista da historia? Pensas que se trata dunha facultade innata?
  - Como reacciona Rosalía perante os orixinais asubíos do rapaz? Dirías que, ademais de ser receptiva para a música, a escritora posúe sensibilidade social? Por que?
  - Cal é o desenlace de «Ignotus»? Pensas que o destino do protagonista podería ser outro mellor? Propón algún exemplo.

## CAIXA 3 (PANEIS 9-12)

- A partir do fragmento do prólogo de *Follas Novas* proposto no panel 11, responde: Que importancia concede Rosalía á lingua galega? Para quen declara escribir os seus versos? Poderías citar algún texto da escritora en que se denuncie a precaria situación do noso idioma?
- Por que razón *Cantares gallegos* (1863) foi unha obra tan relevante na historia da nosa literatura? Lembra que o *Día das Letras*, que celebramos cada 17 de maio, conmemora a publicación deste libro.
- A pseudonimia consiste en adoptar un nome ficticio para asinar unha obra, ocultando así a verdadeira identidade do autor/a. Poderías sinalar o pseudónimo empregado por algunha escritora contemporánea de Rosalía? Cal é a súa característica máis salientábel?
- A diferenza doutras escritoras, Rosalía de Castro endexamais fixo uso de pseudónimos masculinos. Pensas que as escritoras conseguían publicar con maior facilidade os seus libros se asinaban como se fosen homes? Por que?

## CAIXA 4 (PANEIS 13-16)

- A partir do fragmento do prólogo de *Follas novas* proposto no panel 13, responde: Con quen se identifica a escritora? Por que razón? Ten esta declaración da poeta algunha consecuencia na súa obra?
  
- A partir do poema "Xan" (panel 15):
  - Enumera as tarefas realizadas por Xan e Pepa.
  - Consideras que se trata dunha distribución xusta?
  - En que consiste a técnica da «inversión de papeis» utilizada por Rosalía neste poema? Que finalidade procura?
  - Que significado dás aos catro versos derradeiros da composición?
  
- A partir da lectura do poema derradeiro de *En las orillas del Sar* proposto no panel 16, responde: Como é definida a «gloria» nos primeiros versos do poema? Procúrase acadar o seu favor? Que denuncia é formulada na estrofa derradeira? Pensas que a obra de Rosalía acadou toda a repercusión merecida?

## CAIXA 5 (PANEIS 17-20)

- A partir da lectura do poema de *Follas Novas* proposto no panel 17, responde: Cal é o tema principal? Como imaxina o eu lírico o seu propio pasamento? Cal pode ser a razón da especial familiaridade da poeta coa morte?
- Enumera algunha das reivindicacións que Rosalía de Castro leva a termo nos seus textos. Pensas que a súa obra é, hoxe en día, suficientemente coñecida?

Mostra  
itinerante

# ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA!!

No 125 aniversario do seu pasamento



# LIÑA DO TEMPO



*ESCRITORA CULTA E PROFESIONAL*



Teresa de Castro faise cargo de Rosalía

Matrimonio con Manuel Murguía  
Escribe os nomes da descendencia :

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Flavio



A mi madre

Publicación do relato titulado \_\_\_\_\_

*ESCRITORA FEMINISTA*




Publicación de *Follas Novas*.  
Escribe o título de dous poemas desta obra:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Publicación de \_\_\_\_\_



1837 Nacemento de Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela.

*AUTORA UNIVERSAL*

1842 Publicación do poemario titulado \_\_\_\_\_

1857 Publicación da súa primeira novela, titulada \_\_\_\_\_

*POETA REVOLUCIONARIA*

1858 Publicación de *Cantares Gallegos*.  
Escribe o título de dous poemas desta obra:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

1859 Publicación do relato titulado \_\_\_\_\_

1861 Publicación da novela máis innovadora, titulada \_\_\_\_\_

*FUNDADORA DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA*

1863 Publicación de *Follas Novas*.  
Escribe o título de dous poemas desta obra:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

1865 *El primero loco*



1867 Falecemento de Rosalía de Castro, na casa da matanza en Padrón.

\* Para organizarmos algunhas informacións relevantes, completa os datos que faltan.

# Mostra

itinerante



*Autor do texto: Diego Pardo Amado.  
Deseño: Andrea Torreiro Reino  
Producción: Mr Misto Films*